



OFICIALIA MAIOR  
Praza Maior Nº1  
32005 - Ourense

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 18 de maio de 2018, adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO:

**18.- Bases reguladoras e Convocatoria pública para 2018 de axudas en especie para locais de asociacións de maiores. (Expte. 2018001383)**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (8 votos a favor), acordou:

**Primeiro.-** Aprobar as bases reguladoras da convocatoria pública para a concesión de subvencións en especie para locais de asociacións de maiores do Concello de Ourense, que se recollen no documento electrónico con número CSV K36M83UMOME8082T.

**Segundo.-** Ordenar a publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia para o seu xeral coñecemento e efectos, así como na páxina web [www.ourense.gal](http://www.ourense.gal).

**Terceiro.-** Aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións en especie para locais de asociacións de maiores do Concello de Ourense para o exercicio económico 2018.

**Cuarto.-** Aprobar o gasto por importe de 27.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 150.2310.20200 "Aluguer locais. Acción social!" do orzamento municipal vixente.

**Quinto.-** Remitirle á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) un extracto da convocatoria para a súa publicación no BOP de Ourense, co seguinte contido:

**EXTRACTO DO ACORDO DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓN EN ESPECIE PARA PARA LOCAIS DE ASOCIACIÓN DE MAIORES DO CONCELLO DE OURENSE NO EXERCICIO 2018 ( Exp. 2018001383)**

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b. e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse nas Bases de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index>):

Primeiro. Beneficiarios

Poderán ser beneficiarias as asociacións de persoas maiores que reúnan os seguintes requisitos:

Asociacións constituídas legalmente ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación?será condición indispensable que a asociación interesada no teña ánimo de lucro e que estea inscrita no correspondente Rexistro da Comunidade Autónoma de Galicia e no Libro de entidades cidadás do Concello de Ourense.

Se considera que a asociación non ten ánimo de lucro cando así figura nos seus estatutos e non desenvolva actividade económica algunha.

Que estatutariamente teñan como finalidade principal a procura de promover iniciativas, proxectos, programas para un envellecemento activo e un conxunto de actividades de ocio e tempo libre para





# Concello de **OURENSE**

as persoas maiores; ou, no caso de asociacións de veciños, que a asociación conte con sección ou vogalía de maiores para estes fins, segundo os seus estatutos.

Estar ao corrente en canto ás obrigas tributarias coa Xunta de Galicia, a Axencia Estatal de Administración Tributaria e o Concello de Ourense, así como das súas obrigas coa Seguridade Social, e non estar sometidas a ningún procedemento sancionador incoado por este motivo.

Non conseguirá a condición de beneficiario quen estea incurso en causa de exclusión ou prohibición das contempladas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en especial, quen sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Cumprir cos demais requisitos formais e materiais previstos nesta convocatoria e na normativa de subvencións aplicable.

Que se comprometan a establecer un horario de apertura do local, cun mínimo de 500 horas ao ano e 5 días por semana.

Que desenvolvan un programa de actividades e servizos aos cidadáns do colectivo de persoas maiores.

## Segundo. Obxecto

Constitúe o obxecto da presente convocatoria a concesión de axudas que consisten na entrega de locais, alugados polo Concello de Ourense coa finalidade exclusiva de que se entreguen a terceiros, segundo o previsto no artigo 3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a Asociacións de persoas maiores do Concello de Ourense para a realización de actividades culturais, recreativas e de convivencia, encamiñadas a promover a integración e participación na vida comunitaria do colectivo que integra a terceira idade, favorecendo o seu mantemento no medio social habitual.

## Terceiro. Bases reguladoras

As bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e estarán a disposición dos interesados na páxina web do Concello de Ourense-[www.ourense.gal](http://www.ourense.gal)- e na Base de Datos Nacional de Subvencións

## Cuarto. Contía

A concesión das subvencións desta convocatoria será atendida con cargo á partida do orzamento municipal correspondente ao exercicio 2018; aplicación orzamentaria “ Aluguer locais”, partida 150.2310.20200, pola contía de vinteseite mil euros (27.000€)

## Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ourense ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, aportando a documentación requirida nas Bases Reguladoras.





Concello de  
**OURENSE**

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso ou acción que se estime procedente.

Ourense, na data de sinatura electrónica.  
A CONCELLEIRA-SECRETARIA,

Flora Moure Iglesias

